

MÉTODOS PARA EVITAR CAPTURAS DE AVES NAS PESQUERÍAS DAS ZEPAS MARIÑAS GALEGAS

1

Vaiña de anzois

Que é?

Unha cápsula de plástico que cobre o dente do anzol.

Que efecto ten?

Evita que as aves que se botan ao isco na largada do palangre queden prendidas no anzol e afoguen.

Como traballa?

A cápsula ábrese a partir de certa profundidade (20 m). Ao abrir deixa o anzol co isco libre e listo para traballar.

Para que artes?

Palangre. Calquera arte de anzol que traballe a máis de 20 m de profundidade.



Palangre de altura

4

Espantallo voador

Que é?

Un papavento con forma de ave de rapina.

Que efecto ten?


Evita que as aves se acheguen á embarcación.

Como traballa?

As aves mariñas confunden o papavento cun depredador e afástanse da embarcación.

Para que artes?

Palangre, enmalle. Calquera embarcación de baixura. Colócase na popa da embarcación. Tamén pode colocarse na boia da cacea.



Palangre de baixura

2

Liña tori

Que é?

Liña a popa da que colgan fitas de cores.

Que efecto ten?


Evita que as aves se acheguen ao barco.

Como traballa?

As aves perciben unha barreira que lles impide o paso e non se dan achegado ás zonas perigosas para elas (cables e copo).

Para que artes?

Deseñada inicialmente para o arrastre de gran altura (máis de 25 m de eslora). Pode adaptarse a calquera embarcación e da bos resultados no palangre de baixura.



Arrastre

5

Luces de aviso

Que é?

Lampariñas LED dispostas na rede.

Que efecto ten?


Evita que as aves mariñas mergulladoras (corvos mariños, aros) entren nas redes do enmalle.

Como traballa?

A luz das lampariñas torna a rede máis visible.

Para que artes?

Enmalle. As luces colócanse ao longo da relinga de corchos da rede.



Enmalle

3

Rescate con truel

Que é?

Truel a bordo para rescatar aves.

Que efecto ten?

Evita que as aves atrapadas no copo morran ou sufran accidentes.

Como traballa?

Sacar fóra as aves atrapadas durante a virada do copo.

Para que artes?

Cerco e boliche. Palangre (para rescatar aves capturadas na virada).



Cerco



Boas prácticas para todas as artes

1. REDES LIMPAS DE PEIXE E DOUTROS RESTOS QUE POIDAN ATRAER ÁS AVES
2. AGARDAR A QUE NON HAXA AVES Á VISTA
3. LARGAR Á NOITE
4. NON LARGAR NOS ARREDORES DOS POUSADOIROS DE AVES

Esta infografía prodúcese enmarcada dentro dun proxecto cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca